

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL INVESTIGADOR UNIVERSITARIO BENEFICIARIO DUNHA AXUDA DO ERC NO MARCO DO H2020

En Santiago de Compostela, a 10 de febreiro de 2026

REUNIDOS

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nomeado para este cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG Núm. 73, do 14 de abril), actuando no exercicio das facultades que ten atribuídas polo artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia e polo decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional; e presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

RICARDO JOSÉ CAO ABAD, Reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 1/2024 de 11 de xaneiro de 2024, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 10, do 15 de xaneiro de 2024, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, Reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

MANUEL REIGOSA ROGER, Reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO) que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 110/2022, de 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 117, de 20 de xuño de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de

decembro, de organización e funcionamento da administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. Atópase adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, tal como se recolle no Decreto 138/2024, do 20 de maio, e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO: A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose cos tres retos e coas tres prioridades. Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 4, integrándose, polo tanto, no programa Persoas e talento da RIS3 de Galicia e no programa Talento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

TERCEIRO: Que os programas de financiamento xestionados polo Consello Europeo de Investigación (en diante ERC do seu nome en inglés, European Research Council) apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 27 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin o ERC conta, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:

- *ERC Starting Grants (StG):* apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
- *ERC Consolidator Grants (CoG):* apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente.
- *ERC Advanced Grants (AdG):* apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.

Na actualidade, en Galicia, as universidades públicas son os principais organismos de investigación que contan con investigadores que obtiveron algunha das axudas do ERC.

CUARTO: Que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o *Programa Oportunius*; este programa é unha oportunidade para reter, recuperar e captar talento investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer a disposición dos investigadores un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O *programa Oportunius* contempla tres liñas fundamentais de actuación:

- a) *Atracción da excelencia:* captación, retención e recuperación do persoal investigador excelente (posuidores dunha bolsa ERC) mediante:
 - a.1) A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do ERC.
 - a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de bolsas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.
- b) *Apoio á excelencia:* impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibiran financiamento. Dotarase ao investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.
- c) *Fomento da excelencia:* estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofrecerase ao investigador formación e asesoramento para a preparación e preparación de propostas ao ERC co obxecto de incrementar as posibilidades de obtención dunha bolsa desta natureza.

QUINTO: GAIN en execución da actuación c)- *Fomento da excelencia* ven realizando diversas actividades:

- Talleres formativos de apoio para elaboración de solicitudes e orientación respecto das características do programa do ERC.
- Reunións cos beneficiarios de axudas en convocatorias anteriores para intercambio de información e deseño de estratexias.
- Elaboración de informes sobre a viabilidade e idoneidade de propostas de proxectos.

Co fin de impulsar e promover a participación nas convocatorias do ERC do persoal investigador das universidades do sistema SUG, GAIN puxo en marcha no 2019 unha nova actuación orientada ao recoñecemento daqueles investigadores que resultan beneficiarios de ditas axudas.

Trátase de promover que investigadores do SUG, cunha traxectoria consolidada ou nunha etapa

máis incipiente da súa produción científica, se animen a presentar proxectos ás convocatorias do ERC e así incrementar a captación de recursos do sistema galego de I+D+i.

SEXTO: Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que estase a fomentar e impulsar a participación en convocatorias no ámbito dos programas do Espazo Europeo de Investigación e de prestixiosas institucións europeas, co fin de situar a investigación galega na vangarda da ciencia e a tecnoloxía como eixo fundamental do desenvolvemento económico e social de Galicia e incrementar a captación de recursos externos para o sistema galego de I+D+i.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que son as universidades do Sistema Universitario de Galicia as principais entidades de investigación da comunidade autónoma que contan con investigadores con subvencións vixentes do ERC.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer, dentro do Programa Oportunius, o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo que permita impulsar a participación dos investigadores do SUG nas convocatorias do ERC mediante o recoñecemento dos investigadores que resultaron beneficiarios das súas axudas. Con este fin cada investigador que teña finalizado o período de vixencia da axuda do ERC, percibirá durante os anos 2026 e 2027, unha axuda, orientada a financiar gastos estruturais e de financiamento do grupo de investigación correspondente. O importe da axuda é o que se indica na seguinte táboa en función da modalidade de axuda obtida do ERC.

STARTING	CONSOLIDATOR	ADVANCED
5.000 €	6.500 €	8.000 €

SEGUNDA.- Utilización da axuda

A axuda, orientada ao recoñecemento dos investigadores que resultaron beneficiarios das axudas do ERC, adicarase ao financiamento de actividades de I+D+i do grupo no que estea integrado o investigador beneficiario de ditas axudas. Con este fin a axuda que corresponde a cada investigador poderá adicarse a algún dos seguintes conceptos:

1. Custos de persoal . Poderán incluírse neste apartado, retribucións ao persoal beneficiario da axuda do ERC ou outros custos do persoal que forme parte do grupo de investigación ao que pertence o investigador beneficiario da axuda do ERC.
2. Outros custos correntes relativos a actividade de I+D+i do grupo no que estea integrado o investigador beneficiario da axuda do ERC.

TERCEIRA: Condicións económicas

- Para sufragar os gastos de esta actuación, GAIN destinará nos anos 2026 e 2027 un total de 62.000 €, con cargo a aplicación orzamentaria 07.A2.561A.444.0 (código proxecto 2016 14) que se distribuirá entre Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo de acordo coa seguinte táboa en función do número de investigadores implicados en cada una delas e a modalidade de axuda obtida no ERC.

	Nº BENEFICIARIOS	ANO 2026	ANO 2027	TOTAL
UNIVERSIDADE DA CORUÑA	1	5.000 €	5.000 €	10.000 €
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	3	19.500 €	19.500 €	39.000 €
UNIVERSIDADE DE VIGO	1	6.500 €	6.500 €	13.000 €
TOTAL	5	31.000 €	31.000 €	62.000 €

Estes importes corresponden aos investigadores que se relacionan no anexo ao presente convenio.

Este convenio tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2026, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia e en trámite parlamentario actualmente.

CUARTA: Compromisos

As universidades comprométense a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 da Regulamento da Lei 9/2007.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino da axuda concedida e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento do convenio.
- Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven. Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Dar consentimento expreso á GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro deste convenio de colaboración, e conservar a documentación xustificativa relativa a esta subvención
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
- Facilitar cantos datos resulten necesarios para o seguimento e a avaliación desta axuda no marco da avaliación da RIS3 de Galicia ou doutros instrumentos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros, as enquisas do INE relacionadas. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.

- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.
- Dar consentimento expreso á GAIN para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- No caso de que a axuda se destine ao pagamento de retribucións ao persoal beneficiario da axudas do ERC, estas aboaranse mensualmente por doceavas partes baixo a denominación de "retribución *GAIN programa oportunius*". O pagamento dos meses transcorridos do exercicio 2026 na data de sinatura do convenio, realizarase no primeiro pagamento regularizándose a partires dese momento os pagamentos mensuais.

QUINTA.- Condicións de pagamento

En consonancia coa duración do convenio e conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención de GAIN estipulada neste convenio será aboada, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do gasto para cada anualidade, conforme ao sinalado a continuación:

AXUDA GAIN	ANO 2026	ANO 2027
UNIVERSIDADE DA CORUÑA	5.000 €	5.000 €
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	19.500 €	19.500 €
UNIVERSIDADE DE VIGO	6.500 €	6.500 €
TOTAL	31.000 €	31.000 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2026 – 23/12/2026	24/12/2026 – 23/12/2027
Data límite de presentación de documentación xustificativa	23/12/2026	23/12/2027

De non xustificar o importe total das actuacións establecidas, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Por resolución motivada da Axencia Galega de Innovación, cando o importe da subvención concedida non supere os 18.000 euros poderá autorizarse un anticipo de ata 80% da subvención concedida e sen que supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario de acordo co estipulado no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademais, pagos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

A realización dos citados pagamentos parciais á conta e anticipados está exenta da constitución de garantías por parte das universidades de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 54 da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

SEXTA.- Forma de xustificación

A xustificación da subvención por parte dos beneficiarios, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

1. Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas para cada un dos investigadores do anexo.
2. Unha certificación de gastos da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, acompañada de :
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades realizadas, coa identificación dos conceptos subvencionables, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os importes, datas de emisión e datas de pago.
 - Certificación dos custos de persoal imputados no convenio emitida polo responsable de recursos humanos que consistirá nunha relación detallada por meses do persoal adicado á execución das actividades do convenio, e que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto de traballo, custo mensual imputado ao convenio, data de pago, e de ser o caso o importe da Seguridade Social con cargo ás universidades e a data de pago. Tamén se deberá agregar, de ser o caso, unha copia compulsada dos contratos de traballo.
 - Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
3. Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
4. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 da Regulamento da Lei 9/2007.

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas.

Estas axudas están destinadas ó financiamento de actividades de investigación, sendo compatibles con calquera outra axuda para o mesmo fin sempre e cando non estean financiando os gastos imputados ao obxecto deste convenio.

OITAVA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un deles actuará como presidente e un representante de cada unha das universidades, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A comisión reunirse cantas veces o solicite algún dos membros.

Esta Comisión rexerese en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Control

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Publicidade

As entidades beneficiarias do presente convenio consenten expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de

Innovación, da Secretaría Xeral de Universidades e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, as entidades beneficiarias consenten expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

UNDÉCIMA- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Axencia Galega de Innovación, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DUODÉCIMA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerese polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

A axuda que se concede, dado que as actividades de fomento da investigación non se realizan por conta ou en colaboración con empresas, non ten a consideración de axudas do Estado para os efectos do número 1 do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e do Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación (2022/ C414/01). En todo caso, as universidades quedan obrigadas a destinar a axuda recibida a usos relacionados con actividades non económicas.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

DÉCIMO CUARTA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración estará vixente, dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027. O convenio trala oportuna tramitación poderá prorrogarse por idénticos períodos, ata un máximo de catro anos. A partires dese período a concesión de novas axudas aos mesmos beneficiarios finais (perceptores de axudas do ERC) requirirá a obtención por parte do investigador que determina a axuda dunha cualificación Bonus ou Eminens, conforme aos criterios que se establezan na Orden da Vicepresidencia de Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación do 29 de agosto de 2018, pola que se desenvolven o procedemento e o baremo para a avaliación da actividade investigadora do persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunus).

E en proba de conformidade, asinan electronicamente o presente convenio, en cuadruplicado exemplar, na data indicada na marxe

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Universidade da Coruña

Román Rodríguez González

Ricardo José Cao Abad

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Pola Universidade de Vigo

Antonio López Díaz

Manuel Reigosa Roger

ANEXO – INVESTIGADORES BENEFICIARIOS EN CADA UNIVERSIDADE

	Beneficiario	DNI	Modalidade
Universidade da Coruña	Carlos Gómez Rodríguez	****9041N	Starting Grant
Universidade de Santiago de Compostela	Francisco Rivadulla Fernández	****1862V	Starting Grant
	Miguel Antonio López Pérez	****8640S	Consolidator Grant
	José Luís Mascareñas Cid	****4771W	Advanced Grant
Universidade de Vigo	David Posada González	****7100A	Consolidator Grant